

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE



PETER PUNK PALLASO

ESPECTÁCULO

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

¿Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz? Descubreo neste trepidante espectáculo. O terceiro de Peter Punk no que comparte elenco con Brais das Hortas. Un tendedeiro en equilibrio, un salto ao baleiro en monociclo, un voluntario morto e resucitado en escena, seis instrumentos interpretados ao vivo (guitarras: clásica, eléctrica e portuguesa, acordeón e bocina) e ata Peter Punk se atreve coa harmónica!! E como final, A Chungatrona: un artefacto único no mundo, pensado por un pallaso.

Estes son algúns dos elementos desta novidosa proposta teatral dirixida polo recoñecido director arxentino Walter Velázquez e no que participan Peter Punk e Brais das Hortas. Esta é unha obra que destaca polo seu coidado guión, a elaboración e enxeño das rutinas, un grande traballo de dirección e unha orixinal escenografía.

Un músico e un artista de circo. Dous pallasos en constante reconciliación, entre eles, consigo mesmos e co mundo enteiro. Un delirio nun monociclo pinchado. Diversión, música ao vivo e momentos de tensión e risco.

Un completo espectáculo para disfrutar tanto na rúa coma no teatro.



Eva Triñanes

637 756 129

peterpunkpallaso@charlatana.org

www.charlatana.org

A COMPAÑÍA

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos. Os seus espectáculos gozan dunha grande acollida por parte do público cativo e adulto.

A compañía PETER PUNK PALLASO nace arredor de 2003 có espectáculo unipersoal CHUNGO QUE TE CAGAS, que perfilará o seu humor fresco, irreverente e orixinal.

Nos seguintes anos terá unha evolución meteórica. Crea o seu segundo unipersoal, A CHUNGATRONA, no que mantén o seu estilo singular.

Máis tarde crea dous espectáculos dirixidos polo pallaso e dramaturgo Walter Velázquez:

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE, con música ao vivo, creada e interpretada por Brais das Hortas, con quen comparte elenco.

PEOR IMPOSIBLE, o espectáculo máis recente, e no que se confirma a madurez deste pallaso internacional.

CURRÍCULO DESTACADO

XXXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas de Morrazo (Cangas, Pontevedra, Galicia), Festival Internacional de Outono FIOT (Carballo, Galicia), Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense MITEU (Galicia), Festival Pirineos Sur 2013 (Huesca, España), Festival Internacional de Calle de Gomecello (Salamanca, España), Festival Mueca 2012 (Canarias, España), FESTICLOWN Vigo, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa (Galicia), Festiclown Palestina 2011, Anjos do Picadeiro 2011 (Brasil), Festival Cómico de Maia, (Portugal), Festival Fazer a Festa (Portugal), Festival I (Portugal), Festival É-Aqui-In-Ócio de Póvoa de Varzim (Portugal), Teatro Municipal de Vila Real (Portugal), Festival de Teatro de Lamego (Portugal), 28ª Ulica Festival 2015 (Cracovia, Polonia), Festival Rototom Sunsplash (Benicàssim, Castellón, España), Mostra Internacional de Payasos de Xirivella (Valencia, España).

